

*A economía
social deixa
pegada!*


ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA 2025

cultural



A Casa das Redes é unha cooperativa galega que tece comunidade: conecta persoas, proxectos e territorios para impulsar iniciativas sociais, culturais e de participación con enfoque feminista, diverso e sostible. Desde o Val Miñor, crean redes de apoio mutuo, organizan formacións, eventos, consultorías sociais, accións de igualdade, actividades deecer e acompañan procesos colectivos para transformar a realidade dende o común. Un espazo onde as ideas prenden, os coidados son centro e o cambio nace en rede.

A CASA DAS REDES SCG



[@acasadasredes](https://acasadasredes.es)

ola@acasadasredes.gal

680333725

651190679

A Morada é unha cooperativa sen ánimo de lucro, un patio de veciñas onde encontrarse, tecer redes e colectivizar os coidados. É un espazo feminista onde se realizan obradoiros e actividades, eventos para visibilizar os proxectos artísticos e creativos de mulleres así como desenvolver proxectos sociais con mulleres da cidade de Vigo e contorna.

A MORADA NOSA
S.COOP.GAL



ola@amoradacooperativa.com

amoradacooperativa.com

Aventeira é unha cooperativa a cada á realización de servizos de ocio e tempo libre, formación, igualdade, participación e turismo, dirixidos tanto a administracións públicas como a entidades privadas e particulares. O seu obxectivo é educar no tempo libre para construír un mundo mellor, a través de accións educativas transformadoras que dean ás persoas participantes ferramentas para crear espazos de coidado, liberdade e convivencia.

Busca achegar alternativas de ocio de calidade para todas as idades, educando en valores e promovendo o crecemento persoal e colectivo, a escoita e o diálogo.

AVENTEIRA
S. COOP. GALEGA



aventeira@aventeira.com
722 658 767

aventeira.com

Azul máis verde é unha cooperativa dedicada ao desenvolvemento de proxectos e servizos culturais vinculados aos contextos, ás comunidades e as súas especificidades.

Aspiran a ser un referente de valor no territorio, promovendo un enriquecemento cultural que apoie ao benestar e cohesión social con un impacto en positivo. Traballan con detalle, poñendo énfase na preservación e actualización das tradicións e identidades locais, coidando a historia e a memoria do pasado, presente e o futuro e, ademais, contan cun taller especializado en madeira no que realizan parte dos seus proxectos a nivel de deseño e produción.

AZUL MAIS VERDE
S. COOP. GALEGA



AZUL MAIS VERDE
Coop Cultural

info@azulmaisverde.gal
655110625

azulmaisverde.gal

Cuarto de Inverno é unha editorial independente con sede na Ganza, mais os seus libros son libres de voto aló onde queiran. Publican libros porque gustan deles, mais tamén axudan a escribilos, a corrixilos, a deseñalos,... Gústalles novidosos e arriscados, riquiños e coidados, afoutos e combativos e na súa totalidade: desde a portada até as gardas, desde o código de barras até o colofón.

Os libros que editan implican unha actitude e un posicionamento vital; un xeito, o seu, de ver o mundo e de estares nel.

CUARTO DE INVERNO
S. COOP. GALEGA



cuarto de inverno*


info@cuartodeinverno.com

cuartodeinverno.com

Culturactiva leva 25 anos traballando nos eidos do teatro, música, circo, produción escénica e musical, distribución, xestión integral de programación e organización de festivais e proxectos culturais. En resumo: achegan propostas de calidade e solucións reais á programación das entidades e institucións. É xusto iso, a calidade do seu traballo o que lles converte nun referente no teatro cómico e de rúa, na música e na creación e produción de proxectos culturais transformadores.

Compromiso e traballo van da man, por iso apostan por propostas que potencian a nosa lingua, a igualdade de xénero, a inclusión e, dende 2005, constitúen, apoian e impulsan a labor da ONGD Pallasos en Rebeldía, un colectivo artístico de orixe galega espallado por todo o mundo.

CULTURACTIVA SCG



25 anos

CULTURACTIVA

info@culturactiva.org
981 58 28 36

[@culturactiva_coop](https://www.culturactiva.coop)

DezdeDez ou 10D10, fundada en 1999 e situada na cidade da Coruña, centra a súa actividade na xestión cultural: representación de artistas (Silvia Penide, Leticia Rey), selo discográfico, xestión e organización de programacións musicais para institucións e asociacións. E, finalmente, obradoiros para músicos baixo o título: Como conseguir concertos.

DEZDEDEZ 10D10 SOCIEDADE LABORAL

dezdedez@gmail.com

10d10.net

Espacio Magenta é un espazo artístico multidisciplinar no que se imparten clases regulares de debuxo e pintura para nenos e nenas, obradoiros puntuais de diferentes disciplinas artísticas para persoas adultas e eventos relacionados. Conta tamén cun pequeno apartado de tenda de materiais de belas artes.

ESPACIO MAGENTA S. COOP. GALEGA

637054597

[@espacio.magenta.coop](https://www.espacio.magenta.coop)

Fenda Studio Creativo é unha agencia de publicidade 360°.

Ofrecen solucións creativas e estratéxicas personalizadas para pequenas empresas, autónomos e particulares.

**FENDA STUDIO
CREATIVO
S. COOP. GALEGA**



FENDA
Studio Creativo

ola@fendastudio.es

fendastudio.es

Magia en la Manga son dous ilusionistas profesionais galegos que, despois de anos de experiencia nos escenarios por separado, comparten a mesma visión da maxia profesional, as mesmas inquietudanzas artísticas e a mesma paixón polo ilusionismo.

Porén, no 2018 comezan este proxecto en conxunto, que continúa hoxe sen deixar de aprender polo camiño e sen perder a súa visión.

MAGIA EN LA MANGA S. COOP. GALEGA

info@magiaenlamanga.com

magiaenlamanga.com

Manchea é unha cooperativa de taller de artes gráficas que aúna imprenta tipográfica, encadernación artesanal e impresión dixital. Acompañando proxectos de autoedición, realizan encargos de impresión e encadernación e imparten obradoiros arredor das artes gráficas (impresión tipográfica, encadernación, gravado etc.).

Ademais, o seu taller emprégase tamén para acoller presentacións de libros, charlas ou exposicións.

MANCHEA
S. COOP. GALEGA

ola@manchea.gal

manchea.gal



Miraxe, S. Coop. Galega é unha cooperativa de traballo asociado fundada en 2017 por profesionais que traballan na cultura, nas artes escénicas e musicais, con técnicos de son, iluminación e produción, para dar cobertura aos seus clientes, así que, en estreita colaboración, ofrecen solucións personalizadas e anovadoras.

Traballan seguindo os principios da economía social, perseguindo a estabilidade laboral e a formación continua de calidade para estar ao día da evolución tecnolóxica do sector. Crean equipos multidisciplinares para dar servizo e garantir que cada espectáculo sexa nunha experiencia única e inesquecible.

MIRAXE
S. COOP. GAL.

rosasalgado@miraxe.coop

miraxe.coop

A Cooperativa Miudiño nace do mundo da ilusión e dos soños, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre si van dando vida a todo o que fan: intervención en patios escolares, educación ambiental, obradoiros, espazos de xogo, contos e xoguetería tradicional.

Mitolóxicas é primeira tenda en liña exclusiva de Mitoloxía Galega a través produtos artesanais de bonequería, xoguetería, contos e libros de persoas apaixonadas que atopan un espazo común de mostra e divulgación dos seus traballos, dos mitos e espazos sagrados da nosa terra.

MIUDIÑO
S.COOP.GALEGA



miudiño
- S.COOP.GALEGA -

contacto@miudinho.gal
608605211

miudinho.gal

Dende NOSO cooperativa impulsamos os seus proxectos dende unha mirada propia, construída a partir da intersección das ciencias sociais, o audiovisual e a arquitectura, coa que formular propostas innovadoras para o desenvolvemento social, cultural e territorial. Baixo este enfoque os nosos traballos encádranse en dúas dimensións interrelacionadas, que son a Cultura e o Territorio.

NOSO
S.COOP. GALEGA


daniel@noso.ga
677318211

noso.gal

NUMAX é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro formada por persoas procedentes de diversos ámbitos da creación e difusión cultural para facer xuntas o que estaban afeitas a facer por separado. A súa denominación social está inspirada na loita e experiencia autoex-tionaria das traballadoras da fábrica do mesmo nome filmada por Joaquim Jordà.

Naceu como un proxecto de autoemprego baseado nos principios e valores cooperativos, que desenvolve distintas áreas de actividade económica: unha sala de cinema, unha librería e un laboratorio de deseño gráfico e posproducción de vídeo.

NUMAX
S.COOP. GALEGA



NUMAX


iria@numax.org

info@numax.org

[@numaxcoop](https://www.numaxcoop.org)

Recuperan un dos episodios máis descoñecidos da nosa historia como metáfora para crear e comunicar cultura a través da xestión integral de proxectos culturais sostoibles implicados co territorio e os seus habitantes, ofrecendo servizos de comunicación, produción e deseño.

O CABLE INGLÉS S.COOP. GALEGA



o cable inglés
cooperativa cultural

cristina@ocableingles.com
marian@ocableingles.com

ocableingles.com

URDIME é o conxunto de fíos paralelos que se manteñen en tensión nun marco ou tear, formando a base necesaria para que ao entrelazarse coa trama sexa posible a creación dun novo tecido.

Se nos atemos ao significado, "URDIME" nace froito da unión das sinerxias de varias profesionais da xestión cultural, conseguindo pontes e camiños que xuntan coñecementos e enerxías, co fin de xestionar proxectos culturais.

URDIME
S. COOP. GALEGA



urdime

distribucion@urdime.net

619920335

981937424

urdime.gal

Dende 2012, Xeitura ofrece servizos culturais, de educación patrimonial, medio ambiente, turismo activo e arqueoloxía.

Atendendo ás tres grandes áreas de actuación aceptadas na Xestión Patrimonial, o seu rango de traballo abarca dende a Xestión básica (Investigación e Protección) ata a Xestión aplicada (Difusión). Para isto contan con convenios de colaboración cun amplo número de profesionais, empresas e institucións que lles permiten ofrecer un servizo de xestión integral de proxectos adaptado ás necesidades de cada cliente.

XEITURA. XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO CULTURAL.



begogal@xeitura.com

reservas@xeitura.com

xeitura.com

Xeneme é unha empresa de economía social adicada á innovación social e cultural en Galicia.

Deseñan proxectos personalizados que conectan cultura, creatividade e innovación para fortalecer comunidades e organizacións.

XENEME INNOVACIÓN SOCIAL

info@xeneme.com
626319538

xeneme.com

7h cooperativa cultural é unha empresa sen ánimo de lucro que traballa para garantir os dereitos culturais desde a xestión cultural e a intermediación artística. Un proxecto de autoemprego colectivo centrado nas persoas e na comunidade, ao carón das que impulsan prácticas artísticas participativas e procesos culturais comunitarios co fin de construír en igualdade presentes (e futuros) mellores.

**7h COOPERATIVA
CULTURAL**

7hcoop@7hcoop.gal
881 97 87 56

7hcoop.gal

cultural
2025
ECONOMÍA
SOCIAL DE
GALICIA



XUNTA
DE GALICIA